



CALENDARIO ELECTORAL

De conformidade co establecido na **RESOLUCIÓN** do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, iniciase o proceso de renovación deste órgano.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral**

A **Xunta Electoral**, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

- *Día 3 de novembro*
 - Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores e pais/nais/tirores.
 - Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
 - Envío de escritos ao Concello e a ANPA solicitándolles a designación dos seus representantes.

- *Do 4 ao 10 de novembro*
 - Prazo de presentación de candidaturas

- *Día 15 de novembro: (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral):*
 - Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.
 - Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
 - Aprobación de modelo de papeletas.
 - Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.

- *Día 16 de novembro: Reunión Claustro de Profesorado.*
 - Lectura de normas.
 - Aprobación de candidaturas
 - Acordo de convocatoria de Claustro extraordinario

- *Día 24 de novembro: Celebración das votacións de*
 - Profesorado, de 16:00 a 16:30 horas(Claustro Extraordinario)
 - Pais, nais e titores legais do alumnado, de 16,30 a 19:00 hoas

- *Do 24 ó 26 de novembro.*
 - Periodo de reclamacións contra a resolución da mesa electoral.

- *Día 30 de novembro: Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral*
 - Proclamación e publicación de candidatos electos.
 - Traslado á Xefa Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.